

# **MANUAL DE PROCEDIMIENTO**

## ÍNDICE

### 1.INTRODUCCIÓN

### 2. SOLICITUDE DE INFORMACIÓN.

### 3. INFORMACIÓN DA REDE.

### 4.SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO.

### 5.SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

### 6.REQUISITOS PARA A ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

## 1.INTRODUCCIÓN

O Procedemento de Adhesión á Rede de “Comercio Rural Galego” supón o recoñecemento por parte de Galicia Calidade, S.A do cumprimento por parte dos establecementos dos requisitos ditados pola mesma.

Polo tanto o procedemento de adhesión ten un dobre obxectivo para os comerciantes:

- Comprobar o seu nivel de calidade no servizo e a adecuación deste aos requisitos do referente.
- Demostrar aos consumidores a calidade do seu servizo.

Tamén ten un obxectivo para os propios consumidores:

- Identificar aqueles comercios susceptíbeis de proporcionarlles un servizo de calidade.

Para acadar calquera destes obxectivos, o Procedemento de Adhesión debe atoparse ben definido, ser metódico, exhaustivo e sobre todo fiable para todas as partes.

Os axentes que van a intervir neste proceso son:

### **Entidade certificadora**

Galicia Calidade, S.A. será a entidade encargada de tutelar o proceso e garantir o desenvolvemento axeitado dos procesos de certificación e a validez dos procedementos.

### **Auditores**

Os/As auditores son os/as profesionais encargados de verificar o cumprimento dos requisitos e emitir o informe de recomendación da concesión/denegación.

A equipa auditora estará formada polos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego que designará Galicia Calidade, S.A.

## 2. SOLICITUDE DE INFORMACIÓN.

Os/As comerciantes que desexen solicitar información acerca da súa posible adhesión á Rede de "Comercio Rural Galego" poderán solicitar dita información á Oficina Galicia Calidade, S.A. a través do teléfono 981566400 ou do correo electrónico [info@comercioruralgalego.es](mailto:info@comercioruralgalego.es)

## 3. INFORMACIÓN DA REDE.

A documentación e requisitos necesarios aparecen recollidos na Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a Rede de Comercio Rural Galego, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 7 de xaneiro de 2011.

### 3.1. Manuais

Os manuais son de gratuíta e pública obtención, se atopan na páxina web [www.comercioruralgalego.es](http://www.comercioruralgalego.es)

- Manual de Procedemento de Adhesión á Rede (o presente manual)
- Manual de Rede
- Manual de Xestión
- Manual de Seguimento
- Manual de Marketing
- Manual de Atención ao Cliente
- Manual de Adecuación do Local
- Manual de Imaxe Corporativa

### 3.2 Oferta asesoramento

O/A comerciante poderá optar así mesmo a un servizo de asesoramento por parte dos/as Técnicos de Comercio Rural Galego que outorgará a información necesaria co obxectivo de guiar á/ao comerciante na súa labor como integrante de Rede.

#### 4.SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

Se realizará segundo o modelo establecido na Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a Rede de Comercio Rural Galego, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 7 de xaneiro de 2011, no seu ANEXO II.

#### 5.SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

Unha vez finalizado o período de vixencia da adhesión á Rede de Comercio Rural Galego segundo o Artigo 8º da Orde do 30 de decembro de 2010, os/as interesados/as poderán renova-la mesma segundo o ANEXO V da mencionada Orde.

#### 6.REQUISITOS PARA A ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO

Figuran recollidos no Artigo 4º da Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a Rede de Comercio Rural Galego, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 7 de xaneiro de 2011.

1- a) Viabilidade comprobada coa memoria de actividade realizada pola entidade xestora da rede e as persoas comerciantes interesadas na adhesión a ela.

b) Participar na formación

c) Aceptar as condicións da rede.

d) Cumprir os manuais da rede.

e) Ofertar os produtos e servizos mínimos previstos nos manuais da rede.

f) Instalar o TPV e asistir á xornada formativa inicial no propio establecemento.

g) Cumprir coa imaxe corporativa da rede e co manual de adecuación do local.

h) Pasar a auditoría inicial da rede.

2- A edificación deberá responder ás características propias da arquitectura tradicional galega e estar en óptimas condicións de conservación. Así mesmo, poderase autorizar a adhesión á rede dos establecementos que se sitúen en edificios que, aínda que non respondan á arquitectura tradicional galega, presenten singularidades arquitectónicas que o xustifiquen.

3. A sala de vendas do comercio deberá estar en réxime de autoservizo e ter como mínimo 30 metros cadrados. Así mesmo, deberá ocupar, como mínimo, un 30% do espazo destinado ao público, sempre que a superficie resultante non supere os 300 metros cadrados.